

FOTOGRAFANDO O ESPAZO HABITADO

TALLER CON LUIS DÍAZ DÍAZ

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
18 e 19 de maio de 2015
Horario: de 17:00 a 20:30 h

Neste obradoiro, dirixido a afeccionados e a profesionais do medio fotográfico, da arquitectura e do deseño, estudaremos os códigos técnicos e visuais propios da fotografía arquitectónica e realizaremos un exercicio práctico que consistirá nunha reportaxe sobre o edificio do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), proxectado polo arquitecto portugués Álvaro Siza.

Aproveitaremos a celebración do Día Internacional dos Museos para poñer énfase na representación do centro como un organismo arquitectónico vivo e habitado, no que diferentes seres e pezas artísticas van deixando temporal ou permanentemente a súa pegada.

Para acadar este obxectivo, utilizaremos a fotografía como ferramenta capaz de documentar un tempo e un lugar e tamén de crear unha nova realidade con base nestes elementos intanxibles. Partindo dos códigos da representación arquitectónica, deixaremos que a nosa imaxinación, a nosa capacidade de análise e o noso coñecemento da linguaxe visual dirixan o noso ollar durante a toma de fotografías para, a posteriori, editar os fragmentos e construír con eles unha narrativa de noso.

A estrutura do obradoiro será a seguinte:

Na introdución, como preámbulo á parte práctica do exercicio, estudaremos as características técnicas e formais que fan da fotografía da arquitectura un xénero en si mesmo. Analizaremos en grupo o traballo de varios artistas que fotografaron con anterioridade os espazos museísticos e descubriremos referencias fotográficas que nos axudarán a definir o tratamento visual da reportaxe.

Como paso seguinte, deambularemos polo museo descubriendo e procurando imaxes que nos axuden a entender ese espazo e a relación del cos seus ocupantes. Nesta fase, aprenderemos cales son os ditados e os códigos técnicos que se han seguir na toma de fotografías de arquitectura e interiorismo.

Para rematar, revisaremos o material recollido na fase anterior e faremos unha selección das imaxes que conformarán a reportaxe. Desenvolveremos exemplos prácticos de como retocar e preparar as fotografías de arquitectura para a súa posterior



En este taller, dirixido a aficionados y profesionales del medio fotográfico, de la arquitectura y del diseño, estudiaremos los códigos técnicos y visuales propios de la fotografía arquitectónica y realizaremos un ejercicio práctico que consistirá en un reportaje sobre el edificio del Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), proyectado por el arquitecto portugués Álvaro Siza.

Aprovecharemos la celebración del Día Internacional de los Museos para poner énfasis en la representación del centro como un organismo arquitectónico vivo y habitado en el que diferentes seres y piezas artísticas van dejando temporal o permanentemente su huella.

Para alcanzar este objetivo, utilizaremos la fotografía como herramienta capaz de documentar un tiempo y un lugar y también de crear una nueva realidad en base a estos elementos intangibles. Basándonos en los códigos de la representación arquitectónica, dejaremos que nuestra imaginación, capacidad de análisis y conocimiento del lenguaje visual dirijan nuestra mirada durante la toma de fotografías para, a posteriori, editar los fragmentos y construir con ellos una narrativa nuestra.

La estructura del taller será la siguiente:

En la introducción, como preámbulo a la parte práctica del ejercicio, estudiaremos las características técnicas y formales que hacen de la fotografía de arquitectura un género en si mismo. Analizaremos en grupo el trabajo de varios artistas que han fotografiado con anterioridad los espacios museísticos y descubriremos referencias fotográficas que nos ayudarán a definir el tratamiento visual del reportaje.

Como paso siguiente, deambularemos por el museo descubriendo y buscando imágenes que nos ayuden a entender ese espacio y la relación con sus ocupantes. En esta fase, aprenderemos cuales son los dictados y códigos técnicos a seguir en la toma de fotografías de arquitectura e interiorismo.

Para finalizar, revisaremos el material recogido en la fase anterior y haremos una selección de las imágenes que conformarán el reportaje. Desarrollaremos ejemplos prácticos de cómo retocar y preparar las fotografías de arquitectura para su posterior entrega a

entrega a publicacións impresas ou sitios web e decidiremos o formato no que se difundirán as imaxes finais.

LUIS DÍAZ DÍAZ (A Coruña, 1978)

É un fotógrafo e editor autónomo con base en Galicia. Traballa habitualmente para institucións, axencias de publicidade, estudos de arquitectura e revistas nacionais e internacionais.

No ano 2010 pon en marcha o proxecto 30y3, unha plataforma en liña dedicada á difusión da fotografía española contemporánea que o leva a comisariar, xunto con Iñaki Domingo e Charlotte Cotton, a mostra colectiva *P2P – Prácticas contemporáneas na fotografía española*, durante a pasada edición do festival Photoespaña.

A súa obra foi exposta en galerías e centros de arte dentro e fora do país, de xeito individual e como parte do colectivo Todo por la Praxis, con quen obtivo en dúas ocasións axudas á creación contemporánea, convocadas polo Matadero de Madrid.

Recentemente, publicou o seu primeiro libro de fotografías, *A casa do Oscar*, a través da editorial galega Fabulatorio e, na actualidade, imparte clases no Máster de Fotografía de Autor en Lens, Escuela de Artes Visuales, en Madrid.

publicaciones impresas o sitios web y decidiremos el formato en el que se difundirán las imágenes finales.

LUIS DÍAZ DÍAZ (A Coruña, 1978)

Es un fotógrafo y editor freelance con base en Galicia. Trabaja habitualmente para instituciones, agencias de publicidad, estudios de arquitectura y revistas nacionales e internacionales.

En el año 2010 pone en marcha el proyecto 30y3, una plataforma online dedicada a la difusión de fotografía española contemporánea que le lleva a comisariar junto con Iñaki Domingo y Charlotte Cotton la muestra colectiva *P2P – Prácticas contemporáneas en la fotografía española*, durante la pasada edición del festival Photoespaña.

Su obra ha sido expuesta en galerías y centros de arte dentro y fuera del país, de forma individual y como parte del colectivo Todo por la Praxis, con quien obtuvo en dos ocasiones las ayudas a la creación contemporánea convocadas por el Matadero de Madrid.

Recientemente, publicó su primer libro de fotografías, *A casa do Oscar*, a través de la editorial galega Fabulatorio y actualmente imparte clases en el Máster de Fotografía de Autor en Lens, Escuela de Artes Visuales en Madrid.

DESTINATARIOS

Afeccionados e profesionais do medio fotográfico, da arquitectura e do deseño e todas as persoas que estean interesadas.

Para a realización deste obradoiro é preciso coñecer o funcionamento básico dunha cámara réflex.

INSCRIPCIÓN

Para participar no taller é preciso inscribirse enviando unha mensaxe electrónica a cgac.pedagogia@xunta.es ou chamando ao teléfono 981 546 631. En calquera caso, deberán indicar o seu nome completo, os seus estudos, a súa área de traballo ou interese, un enderezo de correo electrónico e un teléfono de contacto.

Prazo de inscrición ata o venres 15 de maio.

O CGAC expediralles un certificado de asistencia e aproveitamento ás persoas que participen no taller.

MATRÍCULA: Gratuíta

COORDINACIÓN: Gema Baños

DESTINATARIOS

Aficionados y profesionales del medio fotográfico, de la arquitectura y del diseño y todas las personas que estén interesadas.

Para la realización de este taller es necesario conocer el funcionamiento básico de una cámara réflex.

INSCRIPCIÓN

Para participar en el taller es necesario inscribirse enviando un correo electrónico a cgac.pedagogia@xunta.es o llamando al teléfono 981 546 631. En cualquier caso, deberán indicar su nombre completo, sus estudios, su área de trabajo o interés, una dirección de correo electrónico y un teléfono de contacto.

Plazo de inscripción hasta el viernes 15 de mayo.

El CGAC expedirá un certificado de asistencia y aprovechamiento a las personas que participen en el taller.

MATRÍCULA: Gratuíta

COORDINACIÓN: Gema Baños



SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 631/02 / cgac.pedagogia@xunta.es

www.cgac.org

www.facebook.com/CGACSantiago

twitter @cgac_santiago



XUNTA
DE GALICIA

galego